

O ALUMNADO FAI MATEMAXIA. OBRADOIRO DE MATEMAXIA NO IES DE VALGA 2017-2019

FARIÑA PÉREZ, JAVIER

IES Parga Pondal (Carballo)

É coñecido que as propiedades matemáticas teñen sido usadas para a creación de múltiples trucos de maxia, estes trucos crean fascinación en moitos, polo que é usado para atraer a curiosidade polas matemáticas que se atopan na explicación destes.

Durante os cursos 2017-18 e 2018-19 desenvolveuse a actividade de matemaxia no IES de Valga. Foi o propio alumnado, guiado polo profesor, quen levou a cabo o obradoiro. Durante os dous cursos o alumnado foi elixindo, estudando, creando o material e adaptando os trucos propostos polo profesor.

A curiosidade e iniciativa do alumnado superou por moito as expectativas que se tiñan como obxectivo inicial; o alumnado presentou mellores orixinais tanto na realización dos propios trucos de maxia como na análise matemática no que afondan as diversas actividades desenvolvidas.

Neste obradoiro pretendese expoñer o traballo realizado que levarase a cabo en tres fases:

- i) Exposición dos trucos de maxia.
- ii) Procedemento para a elaboración do material e adaptacións propostas polo alumnado.
- iii) Explicación das propiedades matemáticas en que se basean os mesmos.

Bibliografía

Alegría Ezquerra, Pedro (Novembro 2008.) Obradoiro de maxia e matemáticas. Pescuda as propiedades matemáticas que se agochan detrás de algúns xogos de maxia. *Boletín das Ciencias*, (66), 109.

Simon, William (1993) *Mathematical magic*. New York, USA: Dover publications.

Gadner, Martin (2017) *Mathematics magic and mystery*. New York, USA: Dover publications.

Paenza, Adrián (2006). *Matemática, estás ahí?*. Barcelona, España: RBA Libros.